

CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2017

BASES DO CONCURSO:

PRIMEIRA.- Este concurso consiste en realizar un deseño dunha postal de Nadal.

SEGUNDA.- O concurso está dirixido a nenos e nenas de entre 3 a 14 anos. Haberá 5 categorías individuais:

- 1ª categoría: dirixida a alumnos de infantil.
- 2ª categoría: dirixida a alumnos/as de 1º e 2º de primaria
- 3ª categoría: dirixida a alumnos/as de 3º e 4º de primaria
- 4ª categoría: dirixida a alumnos/as de 5º e 6º de primaria
- 5ª categoría: dirixida a alumnos/as de 1º e 2º da ESO.

TERCEIRA.- os deseños deberán facerse a man, en papel ou cartolina e de máximo terán tamaño A4 , podendo só presentar un traballo por alumno.

CUARTA.- Os traballos deberán presentarse como data límite o martes día 19 de decembro na Secretaría do C.P.I de Castroverde.

QUINTA.- Será necesario que pola parte da atrás de cada traballo se especifiquen os seguintes datos: Nome e apelidos do autor, domicilio, data de nacemento, curso académico, teléfono e sinatura.

SEXTA.- O xurado que valorará os traballos estará composto polas seguintes persoas:

- Ánxela Gracián
- Ricardo Polín
- Jesús Mª Trashorras Nogueira

SÉTIMA: PUBLICACIÓN DOS GAÑADORES DO CONCURSO:

No cartel anunciador da Cabalgata serán publicados os nomes e as idades dos gañadores do Concurso.

OITAVA.- PREMIOS:

Por cada categoría haberá un premio sorpresa, que será para os autores dos deseños mais valorados polo xurado. Os premios serán entregados o día 5 de xaneiro no Pavillón Polideportivo Municipal coincidindo coa Cabalgata de Reis.

NOVENA.- A participación neste concurso implica a cesión ó Concello de Castroverde dos dereitos de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación sobre os traballos presentados previstos na lexislación sobre a Propiedade ou a súa edición dixital, así como calquera outro medio, todo elo sen ánimo de lucro, e pola duración máxima permitida pola citada lexislación da Propiedade Intelectual.

DÉCIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS:

De conformidade co artigo 5 da Lei Orgánica 15/99 de 13 de decembro, infórmase que os datos persoais obtidos para a participación no concurso serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Concello de Castroverde, que ten por finalidade a xestión deste concurso de deseño de postais de Nadal. Estes datos serán tratados conforme á normativa de Protección de Datos vixente. Os interesados poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, modificación e oposición dirixíndose ó Concello de Castroverde.